

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

 EDICIONES  
COMPLUTENSE

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57665>

PEDREIRA, Emma (2016): *Corazón e demais tripas*. [Santiago de Compostela]: Edicións Positivas, 84 pp.

*Corazón e demais tripas* é a terceira obra narrativa en galego da coruñesa Emma Pedreira, licenciada en Filoloxía Hispánica. O seu estilo e carácter poético quedan presentes ao longo da obra, así coma o coidado pola forma máis que polo fondo.

A obra foi galardoada na última edición do premio de literatura erótica Narrativas Quentes. *Corazón e demais tripas* componse de corenta textos titulados de maneira independente entre eles pero que, á súa vez, teñen xogo os uns cos outros. Sen dedicatorias, nin prólogos, nin citas textuais, a autora comeza directamente a obra co intenso microrrelato “LITTLE CIRCUS MINILAND”. Se ben é certo que neste primer texto xa se pode intuír o carácter erótico e sexual do libro, a temática animal e o ton irónico da linguaxe é a súa característica máis destacada.

Unha das particularidades da obra, como quedou exposto antes, é a unión duns microrrelatos con outros. En palabras da autora para á entrevista de Montse Dopico no diario Praza Pública e como se atopa na contraportada, “deixei que os relatos puidesen fluir coa temática sexual vertebrándoo todo, pero tratando de reflectir algo moi conectado a través da diversidade. Non se pode definir como un conxunto de microrrelatos senón como unha unidade de microrrelatos que se interconectan para formar algo consonte”.

Así pois, Emma Pedreira fai referencia, por exemplo, no primeiro texto á “lingua bífida”, e en “COMO DE TODO”, o segundo dos textos, escribe “A miña boca é unha loita de linguas”. O título explícito e humorístico deste segundo relato así como a relación co contido vai adentrando ao lector non só na obra mais tamén no formato escollido. Fala Pedreira de:

pequenas aproximacións ás vidas privadas de moita xente diferente, todos xuntos son un micro-mundo depravado e fértil, un pouco animal, marginal se se quere e o que máis me interesaba era ver como se movía todo, cunha engranaxe total, un conxunto formal coa temática da frustración –ou da plenitude– sexual latexante.

Esta tendencia da autora de vincular os relatos va máis alá de *Corazón e demais tripas*. Na súa última obra narrativa *Bibliópatas e fobólogos* (2017, Galaxia), tamén de microrrelatos, pódese ver un relato que leva por título “LOST IN TRANSLATION”. Curiosamente, en *Corazón e demais tripas* pódese atopar un texto co mesmo nome.

Dende un punto de vista formal, a autora pon especial atención no formato técnico e nunha coidada construción. O uso, por outro lado, dunha linguaxe cercana, aproxima o lector ás diferentes facetas do sexo. Con toques de humor, sarcasmo e, ás veces, surrealismo, Emma Pedreira sorprende ao longo da obra, que non deixa indiferente.

Comenta a autora na entrevista:

Non quería empregar o ton grave dos poemas, nin darlle ao sexo esa gravidade e trascendencia que se ole vén dando últimamente. Falo da literatura, tratando de dignificar o xénero e demais. Ás veces ese ton afectado non o dignifica, senón que o ridiculiza e precisamente o éxito do xénero erótico estaría en tratalo da mesma maneira na literatura que na vida, da maneira máis próxima ao real e empregando linguaxe propia da xente. Neste caso sexo e humor estarían interconectados. Para min o humor é algo altamente erótico, o riso un afrodisíaco e a ironía un xeito marabilloso de seducir.

Claudia GUTIÉRREZ VALERO  
Universidad Complutense de Madrid  
cgvalero@ucm.es